



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL DA XUNTA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DAS “XXXVI XORNADAS DE FOLKLORE 2019” NA PROVINCIA DE OURENSE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, DECLARA:

Que esta Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ten previsto formalizar coa Deputación Provincial de Ourense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 6 ao 16 de agosto de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer unha vía de colaboración para realizar a actividade de difusión do folklore internacional “XXXVI Xornadas de Folklore 2019”, organizada pola Deputación Provincial de Ourense entre os días indicados, nas instalacións do Centro Residencial Docente de Ourense, de titularidade da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A conveniencia de establecer liñas de colaboración conxunta, dende as súas diferentes responsabilidades, para promover a difusión da cultura no ámbito territorial da provincia de Ourense, a través do indicado festival; e así mesmo, mellorar a utilización eficiente dos recursos dispoñibles polas diferentes administracións públicas.

Esta colaboración consiste en poñer o Centro Residencial Docente de Ourense a disposición da organización das xornadas para aloxar ás persoas participantes, tendo en conta que esta instalación está dispoñible, pois nas datas do festival non ten uso residencial educativo, e ademais, que resultan idóneas para desenvolver a actividade obxecto do convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria.

Santiago de Compostela,

DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS
José Manuel Pinal Rodríguez

